



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Expediente Xestión n^o 635/2020

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE OITO AUXILIARES DE POLICIA TEMPADA DE VERÁN 2020. .

1.- OBJECTO DA CONVOCATORIA-O obxecto das presentes bases a contratación por acumulación de tarefas por mor do incremento da actividade na tempada de verán de OITO postos auxiliares de Policía Local mediante contrato laboral temporal por acumulación de tarefas por un prazo de TRES meses.

2.- Tipo de contrato.-Contrato laboral por acumulación de tarefas (15.2.b)) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores) con el seguinte horario: 35 horas semanais de luns a domingo, segundo as quendas correspondentes

3.- SISTEMA SELECTIVO.- O sistema selectivo escollido é de oposición libre.

4.-REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.- Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

A)Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

-As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión





EXCMO. CONCELLO
D E
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

-As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores

B) Estar en posesión da titulación que lles sexa esixible para o acceso aos funcionarios do grupo C2 ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias. A devandita titulación será a certificación de superar a ensinanza secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

C) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a de o servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, con todo, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos





EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

D) Ter cumpridos os dezaioito anos.

E) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo, para o cal deberán aportar certificado médico.

F) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Baiona, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

G) Posuír unha estatura de alomenos 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.

Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e deberán ser xustificadas mediante fotocopia de documentación correspondente que achegarase xunto coa solicitude presentada.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

As solicitudes poderán presentarse na instancia que figura como ANEXO das presentes Bases de selección, durante o prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio será publicado igualmente nun diario de maior difusión, taboleiro de edictos do Concello e páxina web, e na sede electrónica





EXCMO. CONCELLO
D E
BAIONA
(PONTEVEDRA)

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ou nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

A Solicitudese realizará, no modelo xeral do Concello que figura como ANEXO ás presentes bases e deberá ir acompañada por:

- Fotocopia compulsada do DNI non caducado.
- Certificado do título de educación secundaria obrigatoria.
- Fotocopia compulsada do título de auxiliar de Policía (se selo-caso) ou no seu caso declaración de compromiso de obtención do título
- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases, e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico

Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, o Alcalde ditara resolución, no prazo máximo de cinco días, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se publicará na páxina web do Concello (www.baiona.org) e no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica, e sinalarase un prazo de **cinco días hábiles** para a emenda.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, o órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello, na páxina web do Concello, e na sede electrónica. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e hora de comezo das probas.





EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas, exporanse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva. Será tamén de aplicación a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policía Local.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizan tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.
- 3) Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.





EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido na Lei 40/2015

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público.

7.- FASE DE OPOSICION.- De carácter eliminatória

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir vistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.





Consistirá na realización dos seguintes exercicios que se relacionan a continuación consonte ao Anexo VII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se regulan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de Policía Locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (DOG nº 22 de 2 de febreiro de 2009):

A-1.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

-Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

O aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.





EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou mais
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

Segundo exercicio: . Proba de coñecemento.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo I.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.





Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

Terceiro exercicio: Exame de galego.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo á proba ou probas que consideren máis adecuada/s.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/ as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario conseguir como mínimo unha puntuación dun con cinco puntos para superala. A proba de galego se cualificará a efectos da cualificación final como apto ou non apto.

Non obstante consonte o establecido no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño estarán exentos da realización dunha proba específica de galego os aspirantes que acrediten posuír no día da finalización do prazo de presentación das instancias o CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

8.- CUALIFICACION FINAL.-

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións dos exercicios da fase de oposición. Non suposto de empate, terase en conta o establecido no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

9.- RELACION DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO

Rematada a valoración dos méritos o tribunal formulará unha proposta completa do/as aspirantes con maior puntuación obtida á Alcaldía, para o seu nomeamento, e posterior sinatura do contrato laboral correspondente.





Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección, con carácter previo a súa contratación, deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga, de acordo co previsto no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

10.- RETRIBUCIÓN

As retribucións mensuais acenden á cantidade de **1.359,33 euros brutos ó mes** (incluída a parte proporcional da paga extra e demais conceptos.)

TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.





8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

11.- NORMAS FINAIS.-

Para todo o non previsto nestas Bases ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria ao establecido no Título VIII da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG nº 85 de 3/05/2007) a sección terceira do Decreto 243/2008 do 16 de outubro, pola que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG nº 211 de Xoves 30 de outubro de 2008), no Anexo VIII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se regulan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidades dos corpos de Policía Locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos , para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (DOG nº 22 de 2 de febreiro de 2010) , Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/1985 de 2 de Abril Reguladora das bases de réxime Local, no Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, na Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e demais lexislación de obrigada e pertinente aplicación





EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ANEXO: INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA
CUBRIR OITO POSTOS DE AUXILIAR DE POLICIA DO CONCELLO DE
BAIONA PARA A TEMPADA DE VERÁN 2020**

NOME:.....
APELIDOS:.....
D.N.I.:.....
ENDEREZO: Rúa.....núm.....Localidade.....
TELEFONO:.....
Correo electrónico.....

Por medio do presente declara non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.

Baiona, a de de 2020

DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE

1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
2. Fotocopia compulsada do D.N.I..
3. Fotocopia da titulación esixida.
4. Fotocopia do CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 (de selo caso)
5. Certificado médico nos termos sinalados
6. Fotocopia do título de auxiliares de Policía (de selo caso) ou compromiso da súa realización.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA





ANEXO: PROTOCOLO COVID 19 DE REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Tendo en conta a necesidade de manter medidas de protección e seguridade ante o COVID-19 tanto para os candidatos dos procesos selectivos, como para os membros do tribunal seleccionador, se desenvolveran conforme as medidas de distancia física, organización e protección que ás autoridades competentes establezcan

Exporanse deseguido certas medidas básicas a observar durante o desenvolvemento de este proceso selectivo.

Segundo as pautas e recomendacións formuladas polas autoridades sanitarias, é imprescindible reforzar as medidas de seguridade e protección en todos os ámbitos entre eles o de este proceso selectivo e fronte a cualquier escenario de exposición.

Para elo facilitaranse os medios necesarios para as persoas participantes na selección dispoñan de máscaras, luvas, xel hidroalcohólico, etc. Ademais teranse en conta as seguintes medidas:

- A hixiene das mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria: o Cubrirse o nariz ye a boca cun pano ó tusir e espirrar, e desbotalo a un cubo de lixo. Se non se dispón de panos emplear a parte interna do cúbado para non contaminar as mans. Evitar tocar os ollos, o nariz o a boca. Practicar bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Manter distanciamento social de 2 metros

A).- MEDIDAS DE TIPO ORGANIZATIVO PREVIAS A REALIZACIÓN DAS PROBAS

-Dispor de persoal do Concello para no caso de que os candidatos que estean á espera para entrar á proba, manteñan as distancias de seguridade.

- Colocar cartaces informativos da hixiene de mans e de información relevante do Covid -19.

- Reforzarase a limpeza e a desinfección das instalacións, en especial as superficies de contacto habitual como manillas, interruptores, pasamans,





EXCMO. CONCELLO
D E
BAIONA
(PONTEVEDRA)

escaleiras, etc. Utilizaranse dilucións de lixibia comercial (20– 30 ml aprox. en 1 litro de auga), de alcol (polo menos 70º) ou outros virucidas autorizados.

- Adoptaranse medidas para evitar o contacto con superficies que poidan estar contaminadas (por exemplo: manter as portas abertas para evitar contacto con pomos, manillas, etc.).
- Permanecerán na zona da proba únicamente aquelas persoas cuxa presenza física sexa estritamente necesaria.
- Calcularase o aforo máximo de persoas que poden concurrir ó mesmo tempo tendo en conta as dimensións do lugar onde se realice a proba e a disposición dos postos para garantir que se mantengan 2 metros de distancia entre os mesmos.
- Poderase dispor de mascarar desbotables para os participantes.

MEDIDAS DE TIPO ORGANIZATIVO NO MOMENTO DAS PROBAS

Normas Xerais.

- Ventilar o espazo despois de cada proba por grupo ou, sempre que se poda, realizar as probas de selección en espazos abertos.
- Limitarase o número de persoas e o tempo de exposición ó mínimo posible. Manterase sempre a distancia de seguridade de 2 metros e no caso de ser necesario que dúas persoas conflúan, deberán utilizar os EPIS indicados polo Ministerio de Sanidade (máscara de protección e luvas).
- Se a proba fose práctica, cando os membros do tribunal teñan que achegarse ás persoas e ós equipos para comprobar a execución da proba, levarán postas luvas e máscaras, mantendo sempre distancia de seguridade de dous metros coa persoa.
- Cada persoa antes de realizar a proba lavará as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcolico, que se atopará ó seu dispor así como toallinas de papel desbotables e un cubo pechado para poder desfacerse de elo.

A-1.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

-Para a realización da comprobación da estatura e as probas físicas os/as aspirantes se presentarán en roupa deportiva, non se permitirá o uso dos vestiarios e duchas do pavillón.





-Comprobación da estatura.

- Na realización desta proba os/as aspirantes levaran postas as luvas e a máscara

-Probas físicas.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

-Na realización desta proba os/as aspirantes levaran postas as luvas e a máscara

- Por parte do persoal municipal de apoio ó do tribunal se procedera a limpar o lugar da parede vertical cada vez que un aspirante realice a proba unha vez realizada a comprobación por parte dos membros do tribunal da correspondente marca

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

- **A realización desta proba realizarase a cada aspirante individualmente para evitar as situación de contacto físico e imposibilidade de mantemento da distancia social propias de unha carreira conxunta mantendose polo demais os condicionates valorativos das bases de convocatoria**
- **Para a realización desta proba e dado a distancia social existente entre o/ a aspirante e os membros do tribunal os aspirantes poderán prescindir do uso das máscaras.**

Probas teóricas (Segundo e Terceiro Exercicio)

As probas teóricas realizaránse no espazo que determine o tribunal

-Dado que as probas teóricas se realizarán en espazo cerrado e OBRIGATORIO para os aspirantes traer a súa máscara en aplicación da ORDEN SND/422/2020 de 19 de maio pola que se regulan as condicións para o uso obligatorio de máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (boe N° 142 de data 20.05.2020).

-Nas probas escritas os aspirantes deberán traer o seu propio bolígrafo





EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

-Os exámenes deberán de estar xa nos lugares onde se senten boca a baixo, ate que se autorice a voltar as follas de examen para inicialo. A recollida dos mesmos será con luvas.

-Se garantizará polo tribunal a separación mínima de 2 metros entre os postos de examen dos aspirantes

MEDIDAS PARA O TRIBUNAL

Coa evidencia científica disponible a data 8 de abril de 2020, o Ministerio de Sanidade definiu como grupos vulnerables para COVID-19 as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos. Os/as traballadores/as municipais que correspondan a este grupo vulnerable non deberán formar parte do tribunal.

En todas as reunións do tribunal deberase manter as medidas de protección e seguridade establecidas anteriormente.

Deberase contar con persoal municipal de apoio para as tarefas de limpeza e desinfección previa e posterior ás probas, limpeza in situ na proba, control de distancias e mobilidade dos candidatos, etc

